

CONSENTIMENTO INFORMADO PARA PARTICIPAR EN ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DA RECOLLIDA DO CONSENTIMENTO INFORMADO

Persoa responsable da actividade	Beatriz Cancho Grande
Teléfono e enderezo electrónico	988387323, bcancho@uvigo.gal
Relación coa Universidade de Vigo	<i>Catedrática de Nutrición e Bromatoloxía no grupo de investigación Food and Health Omics da Facultade de Ciencias do campus de Ourense, Departamento de Química Analítica e Alimentaria</i>
Obrigas da persoa responsable da recollida do consentimento informado	
<ul style="list-style-type: none"> • Proporcionar unha copia á persoa participante (e, no caso de menores ou persoas que non poidan expresar libremente o consentimento, tamén a pai, nai, titor ou representante legal). • Conservar este documento xunto co expediente da actividade • No caso de contratar a realización da actividade con terceiros que vaian tratar os datos persoais dos participantes por conta da Universidade, débese asinar un contrato de encargo de tratamento e engadilo ao expediente (consulte a <i>Instrución conxunta 5/2019</i>) 	

INFORMACIÓN SOBRE A FINALIDADE DA ACTIVIDADE E O TRATAMENTO DOS SEUS DATOS PERSOAIS

(A persoa responsable da actividade debe cubrir todos os apartados necesarios; no caso de ir dirixido a integrantes dun colectivo vulnerable -menores, maiores, etc.- debe redactarse nunha linguaxe clara e perfectamente entendible para eles)

A actividade para a que se solicita a súa participación, sempre voluntaria, consiste en
<p>Participación no concurso de vídeos TikTok "Aprendo a ler o que como".</p> <p><i>Esta actividade está ligada aos obradoiros que se levan a cabo no seu centro escolar no marco do proxecto "Aprendo a ler o que como. Formando consumidores responsables desde a aula". O obxectivo destes talleres é formar ao alumnado de educación primaria en hábitos saudábeis de alimentación. A través de obradoiros manipulativos ensinámoslles aos nenos a ler e interpretar a información nutricional recollida na etiqueta dos alimentos procesados co fin de que saiban elixir as opcións mais axeitadas para a saúde (contido reducido de azucres, graxas saturadas, sal e estimulantes).</i></p> <p><i>Finalizado o taller, o alumnado participante, xunto cos seus titores académicos e por medio dos centros educativos, poden, de forma voluntaria, participar no concurso "Aprendo a ler lo que como" elaborando un vídeo TikTok durante a xornada escolar, que resuma as ideas principais dos obradoiros impartidos, de xeito que o alumnado faga una reflexión mais profunda sobre os coñecementos adquiridos. No marco deste concurso concederanse un total de 6 premios, cada uno dotado con 300 euros, aos centros escolares participantes. As bases do concurso están publicadas na páxina web do grupo Food and Health Omics (https://foodandhealthomics.es/principal_es)</i></p>
O tratamento dos seus datos persoais é necesario para acadar as seguintes finalidades
<p><i>Para poder participar en dito concurso é preciso que todas as persoas implicadas nesta actividade autoricen/consintan:</i></p> <ol style="list-style-type: none"> <i>1. que a Entidade Organizadora teña os dereitos de reprodución e difusión dos vídeos presentados ao concurso "Aprendo a ler o que como".</i> <i>2. que o vídeo poida ser publicado e difundido a través das redes sociais e a páxina web do grupo Food and Health Omics (https://foodandhealthomics.es/principal_es)</i> <i>3. o grupo Food and Health Omics é o responsable do tratamento dos seus datos persoais para dar cumprimento ao artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e ao artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en materia de publicación das listas provisionais e definitivas de persoas admitidas/excluídas, así como a relación de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas na páxina web do grupo (https://foodandhealthomics.es/principal_es).</i> <i>4. Os asinantes teñen dereito a solicitar, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a opoñerse a dito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.</i>
Os tipos de datos persoais tratados nesta actividade serán os seguintes
<p><i><u>Datos de identidade:</u> nome e apelidos, número do DNI ou equivalente.</i></p> <p><i><u>Datos académicos e profesionais:</u> curso académico e centro educativo.</i></p> <p><i><u>Imaxe e voz</u></i></p>
O prazo de conservación dos seus datos persoais é o seguinte
<i>Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade deste concurso e consérvanse durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar del.</i>
Unha vez finalizada a actividade, os seus datos serán
<i>Os datos persoais da persoa participante serán conservados con fins de arquivo en interese público</i>

Respecto de cesións a terceiros ou de transferencias internacionais, os seus datos persoais

Non se contempla a cesión dos datos persoais a terceiros ou transferencias internacionais, mais alá da propia visualización dos vídeos na web e redes sociais.

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE

Nome e apelidos	
DNI	

CONSENTIMENTO DA PERSOA PARTICIPANTE

- Manifesto que lin a **información anteriormente exposta neste documento** sobre a actividade a levar a cabo pola Universidade de Vigo e as condicións nas que serán tratados os meus datos persoais.
- Comprendo que a miña **participación é voluntaria**, e que podo **retirarme** da actividade cando queira, sen ter que dar explicacións; en todo caso, tamén entendo que en caso de que decida retirar o consentimento iso non afectará á licitude do tratamento baseado nel realizado con carácter previo.
- Presto **libremente** o meu consentimento para participar nesta actividade e accedo a que se utilicen os meus datos persoais nas condicións especificadas na información previa.

CONSENTIMENTO ESPECÍFICO PARA O CASO DE QUE O TRATAMENTO INCLÚA IMAXE E/OU VOZ

En relación ás finalidades descritas neste documento, cedo os dereitos de explotación gratuíta da miña imaxe/voz, sempre e cando dita explotación non teña ánimo de lucro e sexa realizada para os fins antes sinalados, sen límite xeográfico e polo tempo ilimitado. En concreto os dereitos de explotación cedidos son os seguintes: o dereito de realizar ou de autorizar a reprodución total ou parcial dos contidos, a súa difusión, distribución, comunicación pública e exhibición baixo calquera forma, a súa adaptación técnica ou calquera outra transformación dos contidos e a reprodución dos resultados de tales actos, xa fose permanente ou transitoria, que respondan ás finalidades descritas e á súa difusión polos seguintes medios e/ou plataformas: (*artigos, congresos, revistas, webs, redes sociais, medios de comunicación, medios de difusión dixitais e repositorios*)

- Consinto e autorizo a captación e tratamento da miña imaxe/voz para a/s finalidade/s descrita/s.

Lugar e data:

PERSOA RESPONSABLE DA ACTIVIDADE	PERSOA PARTICIPANTE*
<i>(asinado)</i>	<i>(asinado)</i>

* No caso de menores de 14 anos, asinará **PAI, NAI, TITOR OU REPRESENTANTE LEGAL**. En todo caso, deberase ter en conta a lexislación sectorial que, de ser o caso, fose aplicable por se establecese algunha esixencia concreta ao respecto.

Información básica sobre a protección dos seus datos

Responsable: Universidade de Vigo

Finalidade: xestionar o seu consentimento para participar na actividade descrita neste documento

Lexitimación: a concreta actividade coa que está relacionada a prestación deste consentimento está baseada no consentimento das persoas afectadas. *Así a todo, é posible que esta actividade concreta sexa parte doutra actividade de maior alcance ou estea integrada na prestación dun servizo que poderían ter outra base de lexitimación e non precisasen do seu consentimento para tratar os seus datos.*

Cesións e/ou transferencias internacionais: as previsións son as mesmas que as da actividade coa que está relacionada.

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercer os seguintes dereitos: acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos.

Procedencia da información: da propia persoa interesada ou a súa representación legal

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>